



2º PRIMARIA

Profe Eli






BENVIDOS A UN NOVO CURSO



NORMAS



HORARIO

- Entrada 9:00h
Saída 13:55h
- Esixirase máxima puntualidade tanto na entrada como na saída xa que se crearon grupos estables de convivencia e non se poden producir esperas na entrega para que non coincidan alumnos e alumnas dos diferentes grupos/cursos



UNIFORME E MATERIAL

Toda a roupa ten que vir co nome e primeiro apelido (uniforme e chándal completos, mochila, abrigos...) así como os paraugas, tenis, zapatos. Deberán traer etiquetas cos nomes para poñer nos libros. Tamén ten que vir marcado o material que empregarán. No caso de perda, o que non teña nome non poderá ser devolto ao alumno ou alumna para evitar contaxios.





MÁSCARA

É obrigatorio o uso da máscara todo o tempo (excepto na hora da merenda)

Traer unha bolsa protectora co nome e apelidos onde deberán gardar a máscara cando non teñan que levala.

Deberán ter sempre unha máscara de reposto na mochila. Se se utiliza esta máscara de reposto debe de ser reemplazada por unha nova.

PAVILLÓN



Os tenis do pavillón quedarán todo o curso no centro.


Recoméndase que a mochila non sexan con cordas.

É aconsexable ter unha máscara de repostro na mochila do pavillón por se romperá a outra durante a clase de educación física.

ENFERMIDADE

* No suposto de que un alumno ou alumna teña febre maior a 37'5 graos recomendamos que non asista a clase, así como se ten infección en boca, oídos ou gorxa ou calquera outra enfermidade viral ou de fácil contaxio. Nunca poden vir a clase se presenta síntomas compatibles co COVID (neste caso deberá seguir as normas marcadas no plan)

Débese xustificar por escrito sempre as faltas de asistencia (por WhatsApp ou correo electrónico), ou ben de maneira telefónica (con xustificación posterior por escrito)



NORMAS DE AULA

Non se poden traer elementos propios da casa.

Traer unha bolsa protectora co nome e apelidos onde deberán gardar a máscara cando non teñan que levala

Debido á normativa do centro, non está permitido entregar invitacións de aniversario dentro do centro, e este ano polo COVID, tampouco se poderán traer bolsas de chucherías para repartir cos compañeiros e compañeiras.


XUSTIFICACIÓNS


Comunicar ao centro (por escrito e con fotocopia do DNI) as persoas que se autoricen para ecoller aos menos e nenas ás saídas. No caso de que haxa cambio débese comunicar por escrito ao centro dita variación. Ademáis, se algún día ven outra persoa diferente ás autorizadas anteriormente terá que facer unha autorización expresa por escrito de recollida para ese día adxuntando unha fotografía do DNI

En caso de non poder realizar algunha actividade dentro do centro deberán comunicalo por WhatsApp ou correo electrónico.

Todas as saídas do centro (por asistencia ao médico, papeis oficiais...) serán baixo a responsabilidade dos pais, nais ou titores legais que deberán asinar un papel conforme se levan ao neno ou nena do centro e o motivo da saída, ou comunicarllo ao centro por WhatsApp ou correo electrónico.

Aínda que é moi pouco probable nesta idade, se considerades oportuno autorizar aos profesores a cambiar aos nenos e nenas en caso de necesidade, deberá facerse por escrito vía WhatsApp ou correo electrónico






Seguindo normas COVID, serán sempre con cita previa e faranse por correo electrónico, videochamada ou chamada telefónica os mércores de 17:00 a 18:00h.

En caso de cambio de datos relacionados co alumno ou alumna, debe de ser comunicado ao centro (teléfonos paternos, enderezo...)

COMUNICACIÓN CO CENTRO

Correo titora

2epcprsanjose@gmail.com



Teléfonos

986861990

650869147



Web colexio

www.cprsanjose.es





MOITAS GRAZAS!

Calquera pregunta non dubidedes en
contactar